



## A polarización na Igrexa

---

Jesús Martínez Gordo<sup>1</sup>

«Polarización» foi a palabra do ano 2023 para a Fundación do Español Urxente (FundéuRAE), unha institución promovida tanto pola Real Academia Española como pola Axencia EFE. Se non me equivoco, trátase dunha elección que foi moi ben recibida, polo menos, entre as persoas coas que convivo e me relaciono. Supoño que vista, sobre todo, a confrontación que, desde hai uns anos, parece terse afincado, en especial, no mundo da política hispana e –por fortuna e de momento– non tanto entre os cidadáns do montón, entre os que me inclúo. E, igualmente, supoño que tamén foi elixida polo que aínda se pode ler, escoitar, ver –e até «padeecer»– en moitas das plataformas dixitais, unha boa parte delas abonadas aos discursos tanto populistas como frontistas e, por iso, campando polos seus foros, sen autocontención nin molestias éticas de ningunha clase.

*Gugleando*, puiden ler que esta voz, recollida desde 1884 no dicionario académico da lingua española, emprégase normalmente para referirse a situacións nas que existen dúas opinións, bloques, posicións ou actividades moi definidas ou distanciadas e, en ocasións, até enfrontadas (de aí a «polaridade»). Quizais, por iso, non é estraño que a situación á que queda referida a voz «polarización», estea asociada –aínda que sexa de maneira implícita– a certo grao de crispación.

---

<sup>1</sup> Jesús Martínez Gordo é catedrático emérito na Facultade de Teoloxía do Norte de España (Sede de Vitoria-Gasteiz), membro de Cristianisme i Justicia e auxiliar do equipo ministerial da unidade pastoral de Basauri.